

ÚLTIMA HORA

Convocatoria de novas axudas do Igape



O Instituto presenta novidades nas súas liñas de apoio

O Instituto Galego de Promoción Económica –Igape– impulsará novas formas de promoción da actividade empresarial mediante apoios encamiñados a procurar a mellora da produtividade, a competitividade e o crecemento sostible. En concreto, tres son as liñas nas que o Instituto ven de aprobar modificacións que non só facilitarán o acceso a elas, senón que optimizarán obxectivos e recursos: a nova base de apoio a emprendedores, a reformulación das bases para apoiar investimentos empresariais e a mellora da produtividade empresarial.

1. APOIO A EMPRENDEDORES

Ampliase o concepto de emprendedor e ábrese o abano de iniciativas que poden recibir apoio. Os trámites necesarios para acollerse ás axudas simplifícanse e universalízase a prestación de servizos de formación e asesoramento nas bases que regulan apoios específicos para proxectos emprendedores.

2. APOIO A INVESTIMENTOS EMPRESARIAIS

Aprobada a reformulación das bases para apoiar proxectos de investimento en Galicia, que se abren a novas actividades empresariais e incidirán de xeito máis activo na promoción de emprego estable (un dous requisitos que deben cumprir as empresas para poder solicitar dita axuda é o compromiso de crear polo menos 5 postos de traballo de carácter indefinido nos seus centros, a diferenza dos 3 que contemplaban as bases anteriores). Estas e outras modificacións das bases reguladoras para proxectos empresariais de investimento pódense consultar completas no DOGA do 21 de febreiro de 2006. ...

Sumario:

- 02 Última hora
- 03 Normativa
- 04 Calendario Fiscal
- 05 Calendario de Feiras
- 06 Consultorio Xurídico
- 07 Axudas e Subvencións
- 08 Zona CEO



3. PRODUCTIVIDADE EMPRESARIAL

Neste novo marco de apoio, unha das modificacións máis salientables son as bases reguladoras das axudas para a Mellora da Productividade Empresarial mediante a innovación, a cooperación e modernización do tecido productivo. En concreto, estas bases instrumentan apoios para o fomento e difusión da cultura innovadora e inclúen incentivos para o investimento e desenvolvemento tecnolóxico, así como para proxectos de innovación organizativa e de xestión nas pemes.

Publicadas xa no [DOGA do pasado 27 de febreiro](#), estas liñas de apoio están destinadas, principalmente, a organismos intermedios que propoñan unha iniciativa de difusión e divulgación de técnicas, metodoloxías, mecanismos, etc, dirixidas á innovación e incremento da produtividade nas empresas galegas. Das demais iniciativas serán beneficiarios as pequenas e medianas empresas, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia ou que acometan proxectos subvencionables nos seus centros de traballo establecidos en Galicia. Cun prazo de [presentación de solicitudes entre o 1 de abril e o 10 de maio de 2006](#), estas liñas presentan outra novidade, esta vez en canto ó [proceso de tramitación dos proxectos](#) nesta modalidade, é que por primeira vez optarase polo sistema de concorrencia competitiva a través do proceso de selección, co fin de optimizar a asignación dos recursos públicos ós proxectos de maior potencial.




LIÑAS DE APOIO

- **Iniciativas de difusión:** poderán subvencionarse a fondo perdido as iniciativas dos organismos intermedios (entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro) en materia de difusión e divulgación de técnicas dirixidas á innovación e mellora da produtividade das Pemes, tales coma xornadas, seminarios, ciclos de conferencias, congresos... sempre e cando inclúan no seu programa contados de divulgación específica dos instrumentos e actuación do Igape no eido da innovación e mellora da produtividade na Comunidade Autónoma Galega.
- **Investimento e desenvolvemento tecnolóxico das Pemes:** poderán incentivarse con subvencións a fondo perdido os proxectos de investimento empresarial de carácter tecnolóxico; así como de desenvolvemento de procesos e produtos, para a consolidación ou inicio de determinadas actividades empresariais.
- **Proxectos dirixidos a mellorar a organización mediante a consultaría de procesos e a implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando:** poderá incentivarse a posta en marcha de plans de actuación dedicados á innovación na xestión da empresa no seu conxunto ou nalgún dos seus procesos, por medio de consultaría de proceso e implantación de ferramentas informáticas de xestión.
- **Proxectos de desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo:** poderán incentivarse con subvencións a fondo perdido, os proxectos de desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo, propostos por conxuntos de empresas compostos por un mínimo de tres, ou ben por unha empresa que supere os límites de Peme en colaboración con centros ou institucións tecnolóxicas.
- **Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto:** poderán apoiarse proxectos propostos por empresas de desenvolvemento de software ou solucións software empotradas, en código aberto (open source) dirixidos á parametrización final de aplicacións de xestión e á introducción a testaxe do mercado.



Normativa



Principais normativas publicadas nos distintos boletins oficiais (provincial, rexional e estatal) sobre medidas de interese para determinadas actividades económicas ou colectivos empresariais.

Real Decreto 1619/2005, de 30 de decembro, sobre a xestión de [neumáticos fora de uso](#). (BOE 03/01/06)

Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da concesión de [subvencións](#). (BOP 11/01/06)

Resolución de 29 de decembro de 2005, da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se fai público o tipo legal de [interese de demora aplicable ás operacións comerciais](#) durante o primeiro semestre natural do ano 2006. (BOE 11/01/06)

Orden TAS/29/2006, de 18 de xaneiro, pola que se desenvolven as [normas de cotización á Seguridade Social, Desemprego, Fondo de Garantía Salarial e Formación Profesional](#), contidas na Lei 30/2005, de 29 de decembro, de Presupostos Xenerais do Estado para o ano 2006. (BOE 10/01/06)

Resolución do 22 de decembro de 2005, do Servicio Público de Emprego Estatal, pola que se fai público o catálogo de [ocupacións de difícil cobertura](#) para o primeiro trimestre de 2006. (BOE 24/01/06)

Real Decreto 62/2006, de 27 de xaneiro polo que se modifica o [Regulamento Xeral de Conductores](#), aprobado polo Real Decreto 772/1997, de 30 de maio. (BOE 02/02/06) Corrección de erratas (BOE 20/02/06)

Resolución de 27 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se aproban as directrices xerais do [Plan Xeral de Control Tributario 2006](#). (BOE 03/02/06)

Convenios Colectivos

Convenio colectivo estatal de [distribuidores de produtos farmacéuticos](#) para o período 2005-2007. (BOE 18/01/06)

Calendario Laboral para o sector da [construcción da provincia de Ourense](#) para o ano 2006. (BOP 03/02/06)

Acordo da comisión mixta do convenio colectivo de ámbito autonómico de Galicia para o sector de [aparcamentos e garaxes](#) de vehículos. (DOGA 07/02/06)

Acta da reunión da Comisión Paritaria do Convenio Xeral do sector da [construcción](#). (BOE 10/02/06)

Acta da Comisión Paritaria do Convenio colectivo para a provincia de [Ourense de rematantes aserraderos](#) e preparados industriais da madeira. (BOP 17/02/06)

Convenio colectivo estatal de [perfumería e afíns](#). (BOE 17/02/06)

XIV Convenio Colectivo Xeral da [Industria Química](#). (BOE 17/02/06)

Revisión salarial do Acordo sectorial nacional da construción 2003-2006. (BOE 17/02/06)

Calendario Fiscal

Calendario Fiscal

Ata o día 7

IMPOSTOS ESPECIAIS

	Modelos
- Febreiro 2006. Tódalas empresas	511
- Xaneiro 2006. Grandes empresas (*)	553,554,555,556,557,558
- Xaneiro 2006. Tódalas empresas	570,580
(*) Os operadores rexistrados e non rexistrados, representantes fiscais e receptores autorizados (Grandes empresas), utilizaran para tódolos impostos o modelo.	
	510

MARZO 2006

L	M	X	J	V	S	D
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

Ata o día 20

RENDA E SOCIEDADES

Retencións e ingresos a conta de rendementos do traballo, actividades profesionais, agrícolas, gandeiras e forestais, premios e determinadas imputacións da renda, ganancias de transmisións ou reembolsos de accións e participacións das institucións de inversión colectiva, e rendas de arrendamento de inmobles urbanos e capital mobiliario.

	Modelos
- Febreiro 2006, Grandes empresas	111,115, 117, 123, 124, 126, 128

IVA

- Febreiro 2006, Grandes empresas	520
- Febreiro 2006, Exportadores e outros Operadores Económicos	330
- Febreiro 2006, Grandes empresas inscritas no Rexistro de Exportadores e outros Operadores Económicos	332
- Febreiro 2006, Operacións asimiladas as importacións	380

IMPOSTOS SOBRE AS PRIMAS DOS SEGUROS

- Febreiro 2006	430
-----------------	-----

IMPOSTOS ESPECIAIS

- Decembro 2005, Grandes Empresas	561, 562, 563
- Febreiro 2006. Tódalas empresas	564, 566
- Febreiro 2006, Imposto sobre a electricidade. Grandes empresas	560

Ata o día 31

Declaración anual de operacións con terceiros

	Modelos
- Ano 2005	347

Declaración informativa de entidades en réxime de atribución das rendas

- Ano 2005	184
------------	-----

Declaración anual de determinadas rendas obtidas por persoas físicas residentes noutros estados membros da U.E. e noutros países e territorios cos que se adicionalizestableza un intercambio de información

- Ano 2005	299
------------	-----

Dende o 1 de marzo ata o 31 de marzo

	Modelos
Solicitud de devolución rápida ou do borrador da declaración da renda 2005	
Solicitud de devolución rápida ou do borrador da declaración e, no seu caso, comunicación dos datos adicionais	104-105
O borrador da declaración poderá solicitarse ata o 23 de xuño de 2006 por outras vías distintas á presentación do modelo 104	

Calendario de Feiras



IMOBITUR: Salón Ibérico do Mercado Inmobiliario e do Turismo Residencial. Do 23 ó 26 de marzo de 2006. Porto (Portugal) www.imobitur.multivector.pt



IBERPIEL: Salón Internacional de Calzado, Marroquinería e Artigos de Pel. Do 23 ó 25 de marzo. Madrid. www.semanapiel.ifema.es



BIMM: Barcelona International Marketing Meeting. Do 29 ó 31 de marzo. Barcelona. www.bimm.net



HISPACK: Salón Internacional da Embalaxe. Do 27 ó 31 de marzo. Barcelona. www.hispack.com



EXPOENTER: Salón Multimedia e das Telecomunicacións. Do 30 de marzo ó 1 de abril. Ourense. www.expourense.org



PREVISEL: Salón da Prevención e Seguridade no Traballo. Do 30 de marzo ó 1 de abril. Ourense. www.expourense.org

¡Novidade
1ª Edición!



EXPOFRANQUICIA: Salón da Franquicia. Do 30 de marzo ó 1 de abril. Madrid. www.expofranquicia.ifema.es



EXPOMOVEL: Salón de Mobiliario e Iluminación. Do 1 ó 9 de abril. Porto (Portugal). www.expomovel.exponor.pt



SIMA: Salón Inmobiliario de Madrid. Do 04 ó 08 de abril. Madrid. www.saloninmobiliario.com



MUEBLE: Feira Internacional do Moble de Madrid. Do 24 ó 29 de abril. Madrid. www.mueble-madrid.ifema.es



CONSTRULAN: Salón da Construcción, Equipamento e Instalacións. Do 25 ó 30 de abril. Bilbao. www.bilbaoexhibitioncentre.com

EXPOSSIBLE!



SALÓN AUTOMÓVIL VIGO: Salón do Automóvil, Motocicleta e Industria Auxiliar de Vigo. Do 29 de abril ó 7 de maio. Vigo. www.eventosmotor.com



O Goberno aproba o anteproxecto de Lei de Igualdade

O 3 de marzo do 2006, o Consello de Ministros aprobou o anteproxecto de Ley de Igualdade, un texto aínda pendente de tramitación parlamentaria pero que suporá un cambio importante no eido laboral, introducindo reformas de importante calado.

En materia laboral, as principais disposicións que adopta o texto son:

- Dereito do traballador a **adaptar a duración e distribución da súa xornada de traballo**, acumulando o permiso de lactancia en xornadas completas.
- Dereito a **reducir a xornada entre un octavo e a metade**, por coidado de menores de oito anos ou persoas con discapacidade.
- Posibilidade do disfrute fraccionado do período de excedencia de dous anos para o coidado de familiares que, por razóns de idade, **accidente, enfermidade ou discapacidade** non poderán valerse por si mesmos.
- Recoñecemento do dereito do pai a disfrutar o permiso de maternidade no **caso de falecemento da nai**, aínda que esta non traballara.
- Non se reduce o permiso de maternidade no caso de **falecemento do fillo**
- **Ampliación en dúas semanas do permiso de maternidade** no caso de nacemento, adopción ou acollemento de fillo discapacitado. Este dereito poderá exercelo a nai ou o pai.
- Recoñecemento dun **permiso de paternidade autónomo da nai**, de oito días por nacemento, adopción ou acollemento. Ampliable en dous días por parto, adopción ou acollemento múltiple.
- Establecemento dun deber de negociar **plans de igualdade nos convenios de ámbito empresarial** e supra-empresarial.



En materia de Seguridade Social as principais disposicións incluídas no Anteproxecto son:

- Recoñecemento das **prestacións de permiso por paternidade** e de risco durante a lactancia.
- Cómputo como **período de cotización efectiva** do permiso de maternidade ou paternidade que subsista á data de extinción do contrato de traballo ou comece durante a percepción da prestación por desemprego.
- **Ampliación a sete anos** do período no que se ten que ter cotizado 180 días para ter dereito á prestación por maternidade.
- Creación dun **subsídio por maternidade** para as traballadoras que non reúnan o período de cotización mínima para acceder á prestación por maternidade.
- Consideración como **período de cotización efectiva** dos dous primeiros anos de excedencia por coidado de fillo e do primeiro ano de excedencia por coidado de familiares.
- Consideración como cotizada da totalidade da xornada de traballo en supostos de excedencia por coidado de fillos ou familiares inmediatamente posteriores a unha redución de xornada ou nos supostos de **redución por coidado de fillos ou familiares**.
- O recoñecemento do subsidio de **maternidade e do permiso de paternidade ós traballadores autónomos** e a inclusión deste último nos contratos formativos.



Axudas e Subvencións



CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Denominación: Axudas para a transformación e comercialización de produtos forestais, e para a diversificación de actividades relacionadas co sector primario no marco rural.

Beneficiarios: Pemes do sector forestal radicadas en Galicia, mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais en man común ou agrupacións legalmente constituídas, de propietarios forestais con máis de 100 ha.

Requisitos: Deberán ter, polo menos, o 35% do cadro de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido. Para as empresas de nova creación abondará o compromiso de acadar, como mínimo, o 35% de estabilidade laboral ó remate do prazo concedido para justificar o investimento. Non será necesario cumprir este requisito nas subvencións inferiores a 60.102 €. No caso de empresas con menos de 10 traballadores, a porcentaxe de estabilidade laboral mínima esixida reducirase ó 33%.

Prazo de Presentación de Solicitudes: 20 03 2006

DOGA – 8 de febreiro de 2006

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Denominación: Bases reguladoras de concesión polo Igape de axudas de salvamento e reestruturación a empresas en crise.

Beneficiarios: Empresas que teñas situada a sede efectiva da súa actividade ou algún centro de traballo principal na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos: Empresas galegas que, atopándose en situación de dificultade e sendo incapaces de reestruturarse cos seus propios recursos ou con fondos obtidos dos seus accionistas ou acreedores, pretendan acometer un plan de reestruturación que asegure a súa viabilidade futura.

Vixencia: As presentes bases entrarán en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e terán vixencia indefinida ata que non se publique a súa derogación expresa.

DOGA – 4 de xaneiro de 2006

INSTITUTO DE CRÉDITO OFICIAL

Denominación: Liña ICO para a internacionalización da empresa española 2006. O Instituto de Crédito Oficial apoia ás empresas españolas financiando os investimentos que leven a cabo para potenciar a súa presenza no exterior.

Beneficiarios: empresas españolas baixo a denominación xurídica de sociedade mercantil ou sociedade cooperativa, e entendendo como incluídas tanto as domiciliadas en España, como aquelas que, estando domiciliadas no estranxeiro, contén con maioría de capital español.

Vixencia: Ata o 31 de decembro de 2006 ou ata a finalización dos fondos dispoñibles.

WEB: www.ico.es

INSTITUTO DE CRÉDITO OFICIAL


Denominación: Liña Peme. Está destinada a financiar o desenvolvemento de proxectos de investimento das pequenas e medianas empresas españolas en condicións preferentes.

Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas, que estean dadas de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Vixencia: Ata o 31 de decembro de 2006 ou finalización de fondos.

WEB: www.ico.es

Zona CEO



Liderazgo: un plan de xogo e dirección

Dirección para a construción de equipos eficaces



Conferencia “Liderazgo: un plan de xogo e dirección. Dirección para a construción de equipos eficaces”

Ponente **Valero Rivera**
Asesor de Alta Dirección en Xestión de Equipos e Liderazgo
Ex adestrador de balonmán do FC Barcelona
Ex Director Xeral das Seccións Profesionais do FC Barcelona

Data Xoves, 16 de marzo, 20 horas

Lugar Salón de Actos da CEO

Valero Rivera foi durante 21 temporadas o adestrador do club de balonmán máis laureado da historia: o Barcelona. Durante estas dúas décadas converteu ó equipo azulgrana no mellor da historia deste deporte, con 70 títulos conquistados. Primeiro coma xogador e despois coma técnico, Valero Rivera estivo, en total, máis de 3 décadas ligado a este equipo, no que dirixiu 963 partidos cun saldo impresionante: 776 vitorias, 45 empates e 142 derrotas. No profesional Rivera acadou todo, incluso foi nomeado **mellor adestrador da década 1990-2000 pola Federación Europea de Balonmán**. Unha vez retirado das canchas, o ex adestrador foi tamén durante algún tempo Director Xeral das seccións profesionais –baloncesto, balonmán e hóckey sobre patíns- do FC Barcelona.

Valero Rivera, que revolucionou o balonmán da súa época tanto polos seus sistemas de xogo coma polas fichaxes e a súa disciplina estricta, desenvolve agora a **aplicación dos seus métodos nas organizacións** establecendo analogías entre o mundo empresarial e o deporte.

Liderazgo, técnicas, resolución de conflitos, organización e dirección de equipos... en tódolos seus métodos, Rivera ten sempre presentes as características comúns coas que contan **empresa e deporte, actividades guiadas por un mesmo patrón de xogo**, nas que o adestrador/directivo fixa as normas para que o traballo en equipo dea os seus froitos.

Na actualidade, poucos e escollidos son os eventos nos que Rivera participa e expón as técnicas para a **construción de equipos eficaces**, por iso sería unha oportunidade única participar no seminario que impartirá o próximo xoves **16 de marzo ás oito do serán na sede da CEO**, no que falará de Liderazgo: un plan de xogo e dirección

Publicidade

www.ingafor.com

El principal motor que impulsa a InGaFor es ofrecer a la empresa de hoy los mejores medios técnicos y humanos para garantizar la formación de todos los profesionales que la componen, desde los cuadros directivos hasta los equipos técnicos, en la firme creencia de que dichos conocimientos suponen hoy por hoy el elemento diferenciador que permite a algunas empresas ocupar los puestos de liderazgo en el complicado tejido empresarial.



Infórmese ahora de las nuevas convocatorias y ayudas para la formación en 2006



InGaFor